

## Decreto e Orde de elección das direccións

### CIG-Ensino propón un sistema en dúas fases para a súa elección

O sindicato maioritario presenta un sistema no que primeiro se presentan as candidaturas do profesorado do propio centro e posteriormente un concurso aberto para as prazas que non se cubran.

Na negociación do Decreto para a selección das direccións a CIG-Ensino propuxo un cambio no sistema de selección presentado pola Consellaría co obxectivo de simplificar as convocatorias, reducir a burocracia e a presentación de solicitudes e proxectos e buscan unha maior coherencia cun modelo no que ten preferencia o profesorado do propio centro, algo que sempre defendeu o sindicato e que agora pasa a ser realidade.

#### SISTEMA DE SELECCIÓN DAS DIRECCIÓNS EN DÚAS FASES

O Decreto reconece, en función dos cambios introducidos pola LOMLOE, a prioridade ao profesorado do propio centro para ser seleccionado para a dirección. A proposta que presenta a CIG-Ensino incide nesta nova situación. De se aceptar a nosa proposta alteraríase outras partes do articulado.

##### 1ª Fase. Profesorado do centro.

Propomos que no Decreto se regule un sistema ordinario e fixo para que o profesorado de cada centro poida presentar a súa solicitude á dirección do centro no que ten destino definitivo no segundo trimestre académico (primeiro trimestre de cada ano). Previamente, a Consellaría publicaría unha



Resolución cos centros nos que corresponde renovar a dirección.

A Comisión de selección determinaría a persoa seleccionada para a dirección. No caso de non haber candidaturas ou non ser seleccionada ningunha das persoas aspirantes, e tras os prazos de reclamacións pertinentes, comunicaría-se á Xefatura Territorial as vacantes.

##### 2ª Fase. Concurso aberto coas prazas vacantes.

A Consellaría procedería a convocar o concurso de direccións exclusivamente coas prazas para as que non foi seleccionado profesorado do propio centro. Isto faríase nas datas que habitualmente se vén convocando o concurso de dirección, no terceiro trimestre académico mais reducindo a burocracia, xa que só se ofertarían aquelas prazas que non contan con ninguén do centro, facilitando as decisións das compañeiras e compañeiros que queren optar á dirección dun centro no que non teñen destino.

*A administración non acepta esta proposta e vai manter a estrutura que presenta no borrador. Para a CIG-Ensino, mesmo desde o punto de vista de quen xestiona os recursos humanos, é unha mostra de incoherencia.*

## Propostas sobre o articulado

**Artigo 4.1.e.** Non estamos de acordo con que o curso de dirección sexa un requisito e propomos que sexa un mérito. Tendo en conta a prioridade que por fin se recoñece ao profesorado do propio centro podemos encontrarnos con que a vontade maioritaria e democrática do Claustro e o Consello Escolar non se poida atender por non ter feito un curso. A administración debe ofertar esta formación a aquelas persoas que sexan elixidas e non o realizaran, e que tería carácter obrigatorio no primeiro trimestre do curso escolar. Polo tanto, propomos ou ben eliminar directamente este requisito ou ben incluír unha disposición adicional que permita presentarse sen ter o curso coa obriga de realizalo no primeiro trimestre do curso escolar desde a toma de posesión.

[A administración non acepta esta proposta.](#)

**Artigo 2.** Incluír nos requisitos que non se esixirán nos centros incompletos ou con poucas unidades o apartado e) do curso de dirección.

[A administración acepta a nosa proposta.](#)

**Artigo 7.** Composición da Comisión. A Lei fixa que cando menos un terzo do profesorado elixido polo Claustro. Nada impide que sexan máis. Propomos a seguinte distribución na Comisión:

- 👤 2 persoas designadas pola Consellaría, da que unha será pertencente ao corpo da Inspección educativa e outra que exerza a dirección nun centro que imparta as mesmas ensinanzas.
- 👤 4 persoas integrantes do profesorado elixidas polo Claustro.
- 👤 3 persoas representantes do Consello Escolar elixidas por e entre o persoal non docente.
- 👤 A presidencia será elixida pola propia Comisión.

[A administración non vai diminuír máis a súa representación, nin acepta a que a presidencia sexa elixida pola comisión.](#)

**Artigo 8.** Ao determinar que a persoa proposta pola xefatura territorial nos centros incompletos sexa da Inspección, estaríase a incumprir o artigo 135 da LOE (redacción LOMLOE) xa que neste non se diferencian os centros polo seu tamaño á hora de fixar que un dos integrantes da comisión debe ser un director ou directora en activo cun mínimo de un período de exercicio con avaliación positiva. Entendemos que a Consellaría non ten outra alternativa que nomear unha directora ou director.

[Van solicitar un informe xurídico para analizalo legalmente.](#)

**Artigo 10.1.** Publicar unicamente a puntuación máxima de cada apartado do baremo, deixando para a orde a determinación de cada un dos apartados.

[A administración non acepta esta proposta.](#)

**Artigo 10.3.** Estamos en desacordo coa entrevista. De negarse a Consellaría a retirala, propomos que esta non se faga co profesorado do propio centro. No caso de manter a entrevista e se a Comisión decide facela debe ser a todas as persoas candidatas.

[A administración non acepta eliminar a entrevista e si incluírá que, de habela, sexa para todas as persoas candidatas.](#)

**Artigo 11.** Tanto a publicación provisional como definitiva das puntuacións e a selección deben publicarse na páxina web da Consellaría, creando unha aplicación específica como no caso das oposicións. Cada comisión colgaría na súa sección toda a documentación, aumentando a transparencia e facilitando a consulta por parte de todas as persoas interesadas.

[A administración analizará esta proposta.](#)

**Artigo 13.** A avaliación positiva do traballo desenvolvido pola persoa que queira renovar na dirección requirirá que sexa ouvido en primeiro lugar o Claustro (que si figura no Decreto de 2007) e a avaliación do Consello Escolar terá carácter vinculante.

[A administración non acepta esta proposta.](#)

**Artigo 14.1.** O período de nomeamento con carácter extraordinario será por un ano. Aquí si se inclúe a exención do curso de dirección, o que nos parece correcto. Elimínase ter que ouvir o Claustro e demandamos que se inclúa. No nomeamento con carácter extraordinario debe ter preferencia, cando o haxa, o profesorado definitivo no centro.

[A administración non acepta esta proposta.](#)

**Artigo 15.** De existir unha proposta de nomeamento accidental por parte do Consello Escolar, esta terá carácter vinculante. Debe ser escoitado o Claustro, como figura actualmente no Decreto de 2007. No nomeamento con carácter accidental debe ter preferencia, cando o haxa, o profesorado definitivo no centro.

[A administración non acepta esta proposta.](#)

**Artigo 16. 2.** Se dous terzos do Consello Escolar propoñen revogar á dirección esta decisión non pode ser xa potestativa para a Xefatura Territorial senón vinculante.

[A administración non acepta esta proposta.](#)

**Artigo 17.5.** Na Comisión provincial para a avaliación do exercicio da dirección poderá participar, con voz e sen voto, un representante de cada organización con representación na Xunta de Persoal.

[A administración non acepta esta proposta.](#)

**Disposición Adicional 1ª.** Figuran unha experiencia de 4 anos no exercicio da dirección para estar exentas da formación mentres que na orde figuran 2 anos.

Propoñemos que figuren 2 anos e non só para quen exerceu a dirección senón calquera cargo no equipo directivo. Neste último caso poderíamos aceptar elevar a 4 anos no restos da experiencia noutros cargos.

[A administración non acepta esta proposta.](#)

## **CONVOCATORIA 2021. Orde.**

---

Na liña do que a CIG-Ensino propuxo para o Decreto de Direccións (sistema en dúas fases, reforzando a preferencia do profesorado do centros e simplificando o proceso), facemos as seguinte propostas para esta orde:

**Artigo 2. 1.f.** O curso de dirección non debe ser un requisito senón un mérito. Habilitar que unha persoa poida ser seleccionada sen ter a formación, coa obriga de realizala no 1º trimestre do curso escolar.

[A administración non acepta esta proposta.](#)

**Artigo 2.2.** Incluír nos requisitos que non se esixirán nos centros incompletos ou con poucas unidades o apartado e) do curso de dirección.

[A administración acepta esta proposta.](#)

**Artigo 3.1.b.** A documentación de ter superado o curso de formación non se deberá presentar se obra xa en poder da Consellaría.

[A administración acepta esta proposta.](#)

**Artigo 3.1.c.** Debe indicarse que o proxecto estea redactado en galego.

[A administración non acepta esta proposta.](#)

**Artigo 5.** A sede da comisión non pode ser elixida pola presidencia da Comisión xa que debe ser no propio centro, como se indica na Lei (135.2) e no propio borrador do Decreto.

[A administración non vai variar a redacción, entende que é máis operativo que sexan os demais integrantes da Comisión quen se despracen e non a inspección. Para a CIG-Ensino isto é un sen sentido.](#)

**Artigo 5.1. d-e.** Debe regularse, como aparecería na orde anterior, que facer en caso de empate a votos (até agora repetir a votación e no caso de que se manteña o empate, por sorteo).

[A administración acepta esta proposta.](#)

**Artigo 5.7.** A dirección ten que comunicar á Xefatura Territorial a representación electa no Claustro e Consello, non a proposta.

[A administración aceptará esta proposta.](#)

**Artigo 6.** Aínda que o regula a LOE consideramos que nos centros pequenos non se debería elixir comisión e que fose directamente o Consello Escolar, con presenza dunha representación da Consellaría, quen seleccionase á dirección. En todo caso, e aínda existindo un proceso de votación, cremos que as persoas designadas polo Claustro e o Consello deben defender, se existe, a decisión sobre a mellor candidatura á dirección feita polo órgano que os elixiu.

[A administración non acepta a proposta.](#)

**Artigo 11.** Propoñemos que o período de nomeamento con carácter extraordinario sexa por un ano. Aquí si se inclúe a exención do curso de dirección, o que nos parece correcto. Elimínase ter que ouvir o Claustro e demandamos que se inclúa. No nomeamento con carácter extraordinario debe ter preferencia, cando o haxa, o profesorado definitivo no centro.

[A administración non acepta esta proposta.](#)

## Baremo

**Apartado 1.** Maior puntuación da antigüidade: pasar de 4 a 5.

**Apartado 2.** Menor puntuación no desempeño de dirección e outros cargos, pasando de 6 a 4 ou igualar a 5 como o apartado 1.

[A administración acepta a proposta de igualar ambos apartados a 5 puntos.](#)

**Apartado 2.3.** Eliminar a puntuación por cargos de subdirector ou xefatura de servizo na Administración educativa.

[A administración non acepta a proposta.](#)

**Apartado 3.2. e 3.3.** Solicitamos información sobre a diferenza de puntuacións nos apartados 3.2 e 3.3. e solicitamos a puntuación dos mestrados.

[A administración di que legalmente para estes efectos grao e licenciatura non son o mesmo. Non acepta a proposta de incluír os mestrados.](#)

**Apartado 5.** Eliminar a puntuación por formar parte do corpo de cátedras.

[A administración non acepta esta proposta.](#)

**Apartado 6.** O proxecto non debe puntuarse. Debe ser considerado apto ou non apto.

[A administración non acepta esta proposta.](#)

**Puntuación por meses** no desempeño dos cargos.

[A administración acepta esta proposta.](#)

## OS NÓSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
[santiago@cig-ensino.gal](mailto:santiago@cig-ensino.gal)

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
[acorunha@cig-ensino.gal](mailto:acorunha@cig-ensino.gal)

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
[baixomiño@cig-ensino.gal](mailto:baixomiño@cig-ensino.gal)

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
[morrazo@cig-ensino.gal](mailto:morrazo@cig-ensino.gal)

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
[ferrol@cig-ensino.gal](mailto:ferrol@cig-ensino.gal)

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, 2º andar  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
[lugo@cig-ensino.gal](mailto:lugo@cig-ensino.gal)

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
[ourense@cig-ensino.gal](mailto:ourense@cig-ensino.gal)

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
[pontevedra@cig-ensino.gal](mailto:pontevedra@cig-ensino.gal)

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
[amarinha@cig-ensino.gal](mailto:amarinha@cig-ensino.gal)

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
[verin@cig-ensino.gal](mailto:verin@cig-ensino.gal)

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
[vigo@cig-ensino.gal](mailto:vigo@cig-ensino.gal)

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
[salnes@cig-ensino.gal](mailto:salnes@cig-ensino.gal)